

MATRÍCULA DE HONRA EN 4º DE ESO

DOGA (ORDE do 26 de maio de 2023)

Artigo 18. Matrícula de honra

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. (...)
3. *Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.*

CRITERIOS DE DESEMPATE NO IES DE CACHEIRAS:

- 1) **COMPÁRASE A NOTA CON TODOS OS DECIMAIS**
- 2) **EN CASO DE EMPATE NOTA MEDIA DE TODA A ETAPA**
- 3) **SE PERSISTE O EMPATE A MATRÍCULA DÁSELLE A PERSOA CON MAIOR MEDIA EN 3º ESO E ASÍ SUCESIVAMENTE ATA 1º ESO**
- 4) **EN CASO DE PERSISTIR O EMPATE FARASE UN SORTEO.**